

## Segundos

Recorda! Recorda os mellores tempos da nosa infancia. Recorda cando estabamos na beira de río. Non se cumpriron esas moedas cargadas de desexos no pozo da vila. Queriamos xogar sempre, nadar sempre, ser libres. Non dabamos importancia aos segundos que deixamos a billa aberta. Non dabamos importancia ao malgasto no xardín. Viviamos felices no alto do val mirando o tesouro que contiñan eses centos de metros de formigón. Asustabámonos cando abrían as portas e como lóstregos, saían correntes de auga. Recordo a televisión como unha gran chegada. Podía ver que pasaba en todo o mundo. Recordo a primeira vez que saíu nela a miña vila mais ese recordo só entristece a miña alma. Veciños que non podían abrir a billa, veciños que non podían regar os seus cultivos, veciños que acumulaba garrafas no verán, veciños que vivían no baixo do val. Fun eu? Fomos nós? Foi cada segundo de auga malgastada?